

2.- EMPREGO

A análise da situación do emprego na área funcional de Ferrol realízase a partir dos datos recollidos no Padrón municipal de habitantes de 1996 e das cifras presentadas polo INEM e pola Consellería de Familia, e constará de cinco partes: unha primeira centrada no estudio do paro rexistrado nas oficinas do INEM –correspóndese cos datos EPA homologados na UE–; unha segunda parte adicada á análise da información recollida no Padrón; posteriormente comentarase o problema das prexubilacións e a afiliación á Seguridade Social; e, finalmente, unha referencia á formación ocupacional.

Paro rexistrado

Atendendo ó **cadro 2.1.**, a área funcional de Ferrol experimentou un descenso do 15,49% no número de persoas en paro rexis-

tradas nas oficinas de emprego entre marzo de 1994 e marzo de 1997, porcentaxe superior ó que presentan tanto Galicia como a provincia de A Coruña, onde o descenso foi de 13,46% e 8,74%, respectivamente. Sen embargo, o paro rexistrado aumentou na área funcional de Ferrol entre marzo de 1996 e marzo de 1997, por mor do aumento do paro rexistrado en Eume e Ortegal.

Dos datos facilitados polas oficinas de emprego en Galicia e o INEM (recollidos no **cadro 2.2.**), dedúcese que o paro rexistrado na área funcional de Ferrol a decembro de 1998 foi de 13.483 persoas, o que supuña o 21,41% do total de persoas rexistradas na provincia de A Coruña, e o 8,83% de Galicia, fronte ós 21,19% e 8,77% do mes de marzo do ano anterior. Estas porcentaxes son superiores ó peso relativo da poboación da área funcional analizada tanto no total da provincia como

Cadro 2.1.
Paro rexistrado 1994-97 ^{(1) (*)}

	1994	1995	1996	1997
Galicia	205.276	195.096	188.643	177.642
A Coruña	80.571	78.335	77.053	73.525
Área de Ferrol	18.439	17.052	15.357	15.582
Comarca de Ferrol	15.155	14.398	12.821	12.770
Comarca de Eume	2.303	1.833	1.690	1.924
Comarca de Ortegal	981	821	846	888
Área Ferrol/Galicia	8,98	8,74	8,14	8,77
Área Ferrol/A Coruña	22,89	21,77	19,93	21,19

(1) paro rexistrado a 31 de marzo de cada ano

(*) outras referencias no anexo 1

Fonte: IGE

Cadro 2.2.
Paro rexistrado a 31-12-1998: distribución por sectores productivos ^(*)

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construcción	Servicios	Sen emprego anterior	Paro total/ poboación
Galicia	152.781	4.804	26.447	20.602	68.992	31.936	5,61
A Coruña	62.964	1.771	10.516	8.660	28.597	13.420	5,69
Área de Ferrol	13.483	278	2.084	1.370	5.270	4.481	6,32
Comarca de Ferrol	11.072	163	1.735	1.004	4.313	3.857	6,65
Comarca de Eume	1.650	21	235	265	681	448	5,69
Comarca de Ortegal	761	94	114	101	276	176	4,30
Área Ferrol/Galicia	8,83	5,79	7,88	6,65	7,64	14,03	
Área Ferrol/A Coruña	21,41	15,70	19,82	15,82	18,43	33,39	

(*) outras referencias nos anexos 2 e 3

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia, INEM

Cadro 2.3.
Paro rexistrado a 31-12-1998: distribución por grupos de idade ^(*)

	Total	Menores de 25 anos			Resto de idades		
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Galicia	152.781	10.078	16.630	26.708	56.283	69.790	126.073
A Coruña	62.964	3.850	6.441	10.291	23.506	29.167	52.673
Área de Ferrol	13.483	1.124	1.647	2.771	4.329	6.383	10.712
Comarca de Ferrol	11.072	871	1.399	2.270	3.413	5.389	8.802
Comarca de Eume	1.650	185	174	359	623	668	1.291
Comarca de Ortegal	761	68	74	142	293	326	619
Área Ferrol/Galicia	8,83	11,15	9,90	10,38	7,69	9,15	8,50
Área Ferrol/A Coruña	21,41	29,19	25,57	26,93	18,42	21,88	20,34

(*) outras referencias no anexo 4

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta e INEM

no conxunto de Galicia, como se verá posteriormente, e que ascenden ó 19,28% e 7,83%, respectivamente.

Atendendo ó ratio entre o paro rexistrado e a poboación, no ano 1998, a área de Ferrol presenta un ratio superior ó de A Coruña e ó de Galicia, debido fundamentalmente á elevada porcentaxe do mesmo na comarca de Ferrol, onde chega ó 6,65%, fronte ó 5,61% de Galicia e o 5,69% da provincia de A Coruña. Desagregando o estudio por sectores, e comparándoo coa situación en Galicia, salienta o peso dos clasificados entre os sen emprego anterior e a importancia do paro rexistrado na industria, que superan o peso da poboación da área de Ferrol no total da poboación galega. Así, mentres que a poboación da área analizada representa o 7,83% da poboación galega, o peso do paro rexistrado na industria e o do colectivo sen emprego anterior é de 7,88% e do 14,03%, respectivamente.

Do **cadro 2.2.**, pódese deducir que a maior parte do desemprego rexistrado nas diferentes comarcas, ó igual que acontece en Galicia, prodúcese no sector servicios, aínda que no caso das comarcas analizadas, esta porcentaxe é inferior á de Galicia. O problema máis grave radica nas altas porcentaxes de persoas que están no grupo de sen emprego anterior, xa que mentres que en Galicia esta porcentaxe é do 20,91%, na área analizada supera o 33 %, sendo o caso de Ferrol o máis preocupante en comparación co que acontece, por exemplo, na comarca de Ortegal.

Desagregando o estudio por grupos de idades e por sexo, tódalas áreas consideradas

no **cadro 2.3.** presentan un maior número de parados rexistrados mulleres que homes; non obstante, na comarca de Eume, no grupo de parados menores de 25 anos, o número de homes en paro rexistrados é superior ó de mulleres, debido fundamentalmente á situación no municipio de As Pontes.

Padrón municipal

A poboación activa da área funcional de Ferrol en 1996 era de 77.412 persoas, que representaban o 6,91% do total da poboación activa de Galicia e o 17,85% do total da provincia de A Coruña. A taxa de actividade nesta área (**cadro 2.4.**), ó igual que acontece coa taxa de ocupación, é inferior á correspondente tanto a Galicia como á provincia de A Coruña, en tanto que a taxa de paro é superior, o que indica os problemas laborais desta comarca.

A taxa de desemprego na comarca de Ferrol é superior non só á rexistrada nas outras comarcas consideradas, senón que é, ademais, 7 puntos superior á taxa galega e á de A Coruña no ano 1996.

A poboación ocupada na área funcional de Ferrol ascende a 58.885 persoas. Na distribución por sectores desta poboación ocupada por sectores económicos, salienta o sector servicios, que acolle ó 53,68% da mesma, seguida do sector industrial, que englobaría ó 28,30% da poboación ocupada.

Desagregando a análise sectorial por comarcas, o peso do sector servicios é maior na comarca de Ferrol, onde máis dun 58% da poboación ocupada está encadrada neste sector, mentres que na comarca de Ortegal

Cadro 2.4.
Taxas de actividade, ocupación e paro na Área de Ferrol 1996

		Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
Total				
	Homes	57,7	46,9	18,7
	Mulleres	28,5	18,9	33,6
	Total	42,4	32,2	23,9
Comarca Ferrol (1)				
	Homes	58,0	46,5	19,8
	Mulleres	29,2	18,7	35,9
	Total	42,8	31,9	25,6
Comarca Eume				
	Homes	58,5	49,8	14,8
	Mulleres	26,9	19,9	26,1
	Total	42,4	34,6	18,5
Comarca Ortegal				
	Homes	54,1	46,2	14,6
	Mulleres	24,0	18,8	21,9
	Total	38,4	31,9	17,0
Galicia				
	Homes	59,9	50,9	15,2
	Mulleres	38,7	29,7	23,4
	Total	48,9	39,8	18,6
A Coruña				
	Homes	58,7	49,2	16,2
	Mulleres	35,5	27,6	22,3
	Total	46,7	38,0	18,6

(1) non se inclúen os datos correspondentes ó concello de Somozas

(*) outras referencias nos anexos 5, 6 e 7

Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación 1996

salienta e o peso do sector primario, que acolle ó 35,52% da poboación ocupada da comarca, superando mesmo ó sector servizos, que acolle ó 33,66%.

Comparando a situación da área funcional de Ferrol coa galega, os servizos son o sector máis importante nas dúas áreas, aínda que na área de Ferrol a súa importancia é superior, ó acoller ó 53,68% da poboación ocupada, fronte á 48,21% de media en Galicia. Existen outras dúas diferencias importantes na distribución da poboación ocupada: por unha banda, o maior peso da ocupación no sector industrial na comarca de

Ferrol (28,30% da poboación ocupada fronte ó 15,60% en Galicia); e, pola outra banda, a reducida porcentaxe de poboación ocupada no sector primario en comparación con Galicia: un 25,81% da poboación ocupada total na media galega fronte ó 6,81% na área funcional de Ferrol.

Se a análise se fai tendo en conta as distintas ramas de actividade, a máis importante é a industrias manufactureiras, que acollen ó 82,95% da poboación ocupada na industria e ó 23,48% da poboación ocupada da área considerada. A segunda rama de actividade en importancia é a Administración

Cadro 2.5. Traballadores e empresas nos sectores da enerxía eléctrica e de construción naval na provincia da Coruña 1997-98

CNAE-74	1997		1998	
	Empresas	Traballadores	Empresas	Traballadores
15 Enerxía eléctrica, gas vapor e auga quente	41	3.379	45	2.867
37 Construcción naval, reparacións e mantemento de buques	74	6.678	67	6.578
Total provincia da Coruña	32.824	215.728	34.246	231.896
Traballadores de Bazán		3.734		
Traballadores de Astano		1.305		
Total traballadores Bazán / Astano		5.039		
Traballadores de Endesa (1)		2.027		

(1) datos de 1996

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social e Consello Galego de Relacións Laborais

pública, defensa e Seguridade Social, que acolle a 7.244 persoas ocupadas, que representan o 22,92% da poboación ocupada no sector servicios e o 12,30% da poboación ocupada da área de Ferrol.

Atendendo á distribución da situación profesional da poboación ocupada, o 77,20% da poboación ocupada na área de Ferrol é asalariada. Máis da metade dos empregados, o 53,61%, son asalariados fixos e o outro 23,59% son asalariados eventuais. Estas porcentaxes son similares nas comarcas de Ferrol e Eume, en tanto que na comarca de Ortegal, os asalariados, tanto fixos como eventuais, representan un 61,58% da poboación ocupada. Pola contra, o peso relativo dos traballadores por conta propia é moi superior nesta comarca: 35,22% fronte ó 20,21% na área analizada.

No caso da poboación parada, o seu número ascende a 18.527 persoas, o que representa o 23,93% da poboación activa da área de Ferrol, porcentaxe moi superior á correspondente a Galicia no mesmo ano, que se situou no 18,6%. O problema da poboación parada agrávase no caso dos

parados sen emprego anterior, xa que na área de Ferrol, o colectivo sen emprego anterior representa o 40,10% da poboación parada, en tanto que en Galicia e na provincia de A Coruña esas porcentaxes eran do 33,82% e do 28,24%, respectivamente.

O peso relativo do desemprego no sector industrial na área de Ferrol é superior ó de Galicia, mentres que no caso do sector primario salienta o elevado peso da poboación parada na comarca de Ortegal, que triplica o peso da poboación parada no sector primario galego.

Sector público

Na área de Ferrol, hai que considera-lo papel que xoga o sector público, que acolle aproximadamente a un 12% da poboación ocupada. Tendo en conta os datos do **cadro 2.5.**, as empresas públicas do sector naval (Bazán e Astano) empregan a 5.035 traballadores, ós que habería que sumar os 2.027 traballadores de Endesa e os 262 traballadores que compoñen o cadro de persoal medio de Imenosa en 1997.

Cadro 2.6.**Cursos de formación ocupacional impartidos na
Área de Ferrol 1998**

	Cursos	Alumnos
Área de Ferrol	140	2.100
Comarca de Ferrol	122	1.830
Comarca de Eume	17	255
Comarca de Ortegal	1	15

(*) outras referencias no anexo 8

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

Nos últimos anos, as empresas públicas están inmersas nun proceso de prexubilacións, principalmente no sector naval, que ten unha importante incidencia no mercado de traballo ferrolán.

No caso da factoría Bazán, en 1999 aprobouse un programa ou plan de futuro para o asteleiro onde se establece que no período 1999-2002 haberá un total de 1.321 xubilacións na factoría de Ferrol. Xunto a estas xubilacións, o plan contempla a existencia de 253 baixas incentivadas.

No caso de Endesa, conforme o Plan de Prexubilacións Minería-As Pontes, realizaranse un total de 1.233 prexubilacións no período comprendido entre xullo de 1998 ata o 31 de decembro do 2005, afectando a extinción de contratos no primeiro ano a 389 traballadores. Xunto a estes traballadores afectados do sector mineiro, hai un total de 240 traballadores do sector eléctrico que están inmersos neste proceso das prexubilacións.

Afiliacións a Seguridade Social

A partir dos datos correspondentes á afiliación a Seguridade Social na provincia de A Coruña, o **cadro 2.5.** recolle a situación

dos sectores “enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente” e o da “construcción naval, reparacións e mantemento de buques”.

O devandito cadro amosa que o grupo Endesa e acolle entorno ó 59% do total dos traballadores do grupo de “enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente” en tanto que os traballadores de Bazán e Astano representan o 75,5% dos traballadores da construcción naval da provincia de A Coruña, o que da mostra da importancia destes sectores na área considerada.

**Cursos de formación
ocupacional**

No ano 1998 organizáronse un total de 139 cursos de formación ocupacional nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, ós que asistiron un total de 2.085 alumnos. A meirande parte dos mesmos celebrouse na comarca de Ferrol, que acolleu 122 dos 139 cursos, en tanto que Eume e Ortegal organizaron 16 e 1 cursos, respectivamente (**cadro 2.6.**). □